

Acompañamento no diagnóstico de cancro de mama e xinecolóxico

ADICAM, fundada en 2001 pola canguesa Fina Acuña, proporciona asesoramento e atención integral @s enferm@s e familiares, para acadar unha mellor calidade de vida

▶ TEXTO: REDACCIÓN
FOTOS: D.P.


A Asociación de Diagnosticad@s de Cancro de Mama e Xinecolóxico ADICAM é unha asociación asistencial que ofrece recursos ás persoas afectadas por cancro de mama e xinecolóxico. Foi creada en Cangas no ano 2001 por Fina Acuña (fundadora e Presidenta de honra) para fomentar o apoio social e a axuda mútua para brindar ás afectadas unha mellor calidade de vida. É, polo tanto, unha asociación non gobernamental, sen ánimo de lucro que realiza apoio social e promove novos servicios complementarios ós realizados polas institucións públicas.

ADICAM, con centros de atención en Pontevedra, Vigo, Cangas e Moaña está formado por unha mixtura de persoas afectadas de cancro de mama, cancro xinecolóxico e outros procesos oncolóxicos, familiares, profesionais e colaboradores que se solidarizan cá causa.

Conta cun amplo equipo de profesionais integrado por traballadores sociais e profesionais de atención psicolóxica que desenvolven as actividades e servizos entre os que cómpre subliñar o apoio emocional, atención psicolóxica e social, información e asesoramento, charlas sobre educación para a saúde (prevención, nutrición, etc.), aspectos médicos e emocionais do cancro de mama, cursos de relaxación e prevención do linfedema e a organización de actividades lúdicas e de lecer.

OBXECTIVOS E SERVIZOS. Promover a unidade de tod@l@s enferm@s en tratamento é un dos obxectivos de ADICAM, que tamén facilita os medios necesarios para a rehabilitación dos afectados e da adecuación das novas situacións persoais, familiares e sociais. Superar as limitacións e acadar o máximo de saúde e a mellor calidade de vida posible, a pesar da enfermidade e as súas consecuencias son outros obxectivos.

A atención psicolóxica é fundamental. «O acompañamento en calquera das fases do proceso



As cinco trabadoras de ADICAM organizan actividades e servizos de acompañamento para os afectados.

Cómo poden colaborar as empresas con ADICAM?

Para ADICAM é moi importante ter visibilidade. «Ás veces chegan pacientes que xa pasaron polo diagnóstico e o tratamento e sen saberen da nosa existencia. Por eso, calquera campaña de visibilización que fagan as empresas nos seus eventos é fundamental para nós», explica María Martínez. Outra forma de colaborar con ADICAM é mediante unha pequena aportación económica individual

ou colectiva. ADICAM ten máis de 2000 socios que aportan 25 euros ó ano. «Queremos ser moitos para que cada un aporte o seu gran de area. Tamén é posible colaborar como empresa. Neste caso a portación é de 60 euros ao ano», aclara. Tamén é interesante para as empresas participar no «Programa Apálpate». Consiste en charlas sobre autoexploración mamaria para facilitar a detección precoz. «Cremos que é importante que calquera entidade que teña mulleres na súa plantilla facilite esta información ás traballadoras», explica.

oncolóxico, e o seguimento na etapa de recuperación, así como abordar calquer outro problema que afecte directa ou indirectamente, a persoa diagnosticad@ ou o seu círculo, son fundamentais

ADICAM BRINDA APOIO EMOCIONAL, ATENCIÓN PSICOLÓXICA E SOCIAL, INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

para proporcionar un entorno de seguridade, confianza e forza para superar as adversidades que virán de man dun proceso oncolóxico

e as súas consecuencias», afirma María Martínez Piñeiro, traballadora social de ADICAM. Se traballa moito cos familiares. «Ás veces hai pacientes que psicolóxicamente o están levando bastante ben e ao mellor é a súa parella quen o está levando peor», engade.

O departamento de traballo social facilita información e serve de nexo entre a entidade e a administración pública; un dos seus labores máis importantes é coñecer, xestionar e promover os recursos que existen na asociación e manter unha intermediación con outros profesionais do ámbito. O servizo de nutrición ofrece asesoramento dietético e nutricional para establecer unha reeducación alimentaria e traballar nas pautas de hixiene alimentaria, sobre todo cando a persoa empeza a quimioterapia para axudarlle a levar mellor os efectos secundarios. O servizo de fisioterapia informa ás mulleres sobre o coidado da cicatriz, a recuperación da mobilidade, a aparición de dores musculares e outras secuelas físicas e tamén sobre a posibilidade de desenvolver edema linfático ou linfedema e como identificalo para poder actuar correctamente.

ADICAM dispón de outros servizos como asesoramento laboral destinado tanto a persoas diagnosticadas como os seus familiares. Brinda tamen asesoramento legal. Unha avogada colabora con ADICAM desde o ano 2017 para abordar as necesidades que das usuarias neste ámbito de actuación.

A asociación brinda tamén asesoramento oncoestético que ofrece unhas pautas básicas para o coidado da pel, e poder minimizar ás posíbeis secuelas que poidan aparecer derivadas de determinados tratamentos.

Máis información en: ADICAM Cangas. Casa da Bola 1 (entrada por Valentín Losada, 1) Tel: 986 307 158; ADICAM Moaña en Ramón Cabanillas; ADICAM Vigo, en Oliva, 12. Tel: 986307158 y ADICAM Pontevedra, Benito Corbal, nº47. Planta 3, local 11 (entrada por R/Javier Puig Lamas) Tel: 986 307 158 y 629 945 925.